

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014, 2015 E 2016
CONDUTOR-BOMBEIRO****CONVOCATORIA 3º EXERCICIO**

Convócase aos aspirantes que superaron o segundo exercicio da oposición, á realización do terceiro exercicio, probas de aptitude física, que dará comezo o vindeiro **xoves, 3 de xaneiro**, a partir das 08,00 horas, no Ximnasio Municipal sito na rúa do Carme s/n, 36210 Vigo, segundo o seguinte calendario e sen prexuízo de calquera modificación que será comunicada aos aspirantes oportunamente:

- 1) As probas correspondentes ao apartado a) Corda, Escaleira e Press de banca, terán lugar no transcurso da mañá do **xoves 3 de xaneiro, a partir das 08,00 horas** no referido Ximnasio da rúa do Carme desta cidade.
- 2) As probas primeira (100 m lisos), segunda (200 m con carga de 30 Kg), terceira (Circuíto de axilidade) e, cuarta (resistencia 1000 m) das que integran o apartado b) do terceiro exercicio, terán lugar o **xoves 3 de xaneiro, a partir das 10,30 horas** nas pistas de atletismo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, sito na rúa Padre Fernando Olmedo nº1 da cidade de Pontevedra.
- 3) A proba de natación (100 m) realizarase o **xoves 3 de xaneiro, a partir das 14,00 horas** na piscina municipal situada na rúa do Carme desta cidade. A indumentaria para a execución desta proba é traxe de baño, gorro e lentes, unicamente.
- 4) A proba de acceso a coche escaleira realizarase o **xoves 3 de xaneiro, a partir das 16,30 horas** no Parque Central de Teis, sito na Rúa Ángel de Lema y Marina nº 46 de Vigo.

Lémbrese aos aspirantes que deberán presentar perante o Órgano de selección, na data de realización do terceiro exercicio (probas de aptitude física), **certificado médico** expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO III das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Así mesmo, para a realización das probas, deberán vir provistos de DNI e roupa deportiva.

Vigo, data da sinatura dixital
O PRESIDENTE DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

Guillermo Domínguez López



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/12/2018 11:44

Páxina 1 de 1

Expediente 32857/220

CSV: 28E955-CC56D9-E3E18D-CJMENJ-PHM8GS-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>